



BANDO DA ALCALDÍA LIMPEZA DE MALEZAS DE TERREOS

Requirimento xeral de limpeza de maleza dos terreos en solo urbano e núcleo rural.

Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago

FAI SABER:

A tódolos veciños e veciñas do Concello de Santiago que, en cumprimento do disposto na Lei 3/2007 de “Prevenición e defensa contra os incendios forestais de Galicia”, os/as titulares/propietarios/as de parcelas ou terreos situados en solo urbano, urbanizable e núcleo rural teñen o deber de mantelos nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada antes de finais de maio de cada ano.

A citada lei establece nos seus artigos 21 e 22 as obrigas das persoas físicas e xurídicas responsables das parcelas incluídas nas faixas de especial protección de núcleos que deberán cumprir coas obrigas de xestión de combustible vexetal (tala e roza), antes de finais de maio de cada ano, **xestionando a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo urbano e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte, de maneira que nos 50 metros non poderá haber nin piñeiros, nin eucaliptos, nin acacias, nin toxos, nin xestas, nin silvas.**

Así mesmo, o artigo 77 da Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria de Santiago de Compostela establece que: *“Os/as propietarios/as de terreos situados no termo municipal deberán mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza(...).”*

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas anteriormente o Concello de Santiago poderá proceder á notificación ás persoas responsables da súa obriga, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que correspondese así como da aplicación das sancións correspondentes.

En Santiago de Compostela, a 19 de xullo de 2020

Asdo. Xosé A. Sánchez Bugallo